



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO



CIRCULAR Nº 22

Tempada 17-18

**Destino:** Clubs, Delegacións Zonais e Comités de Árbitros.

**Asunto:** Alcance da póliza de Seguro Deportivo do programa XOGADE

O pasado 23/03/18 a Secretaría Xeral para o Deporte, debido o uso de forma indiscriminada do seguro do programa XOGADE fixo as seguintes consideracións referentes á cobertura que ampara a dous colectivos:

1.- Aos deportistas inscritos no programa XOGADE durante a súa participación nas actividades organizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte e que se desenvolven en execución deste.

2.- Aos deportistas FEDERADOS inscritos no programa XOGADE de 6 a 16 anos nas COMPETICIÓNS OFICIAIS (as que figuran no calendario deportivo da FGB, incluíndo os adestramentos).

Polo tanto, soamente estarán cubertos os deportistas do punto 2 con motivo da súa participación en:

- Partidos de competicións oficiais.
- Partidos das fases clasificatorias e finais dos campionatos de España oficiais.
- Seleccións autonómicas (concentracións, partidos preparatorios e partidos de campionatos).

Tamén informan que aquelas federacións deportivas que ademáis organizan ACTIVIDADES FEDERATIVAS (tecnificación, concentracións, torneos con presenza arbitral federativa...) deberán incorporar este calendario de actividades ao calendario oficial.

Por todo isto, a Federación Galega de Baloncesto vai establecer o CALENDARIO DAS MESMAS, tanto propias da federación como algunhas organizadas polos clubs.

Todos aqueles clubs que desexen que os torneos (amigables, preparación, etc.) figuren neste calendario deberán cumprir INEXCUSABLEMENTE os seguintes requisitos:

1º.- Todos os deportistas participantes deberán ter licencia en vigor emitida pola Federación Galega de Baloncesto.



**FEDERACIÓN GALEGA**  
DE BALONCESTO



2º.- Todos os torneos deberán ser dirixidos por árbitros con licencia en vigor na FGB (dende o seu inicio ata o final).

3º.- Toda a publicidade do evento (carteis, promocións en redes sociais etc.) deberán incorporar os logos da FGB e da Xunta de Galicia.

Para a incorporación no CALENDARIO de ACTIVIDADES deberá remitirse escrito solicitando o mesmo nun primeiro prazo como data límite o 30 de xuño en un segundo prazo antes do 15 de decembro de cada temporada, no que deberá figurar:

- Nome do evento e do club organizador.
- Calendario do mesmo (provisional ata 10 días antes da celebración do evento).
- Datas e lugar de celebración.
- Categoría ou categorías.

Santiago, 19 de abril de 2018

Asdo. Susana Fernández Fiuza  
Secretaria Xeral